



VIÑAO FRAGO, A. (2014). *Religión en las aulas. Una materia controvertida*. Madrid: Morata, 125 pp.

A educación relixiosa, segundo está presente nas aulas no sistema educativo español, entendida como educación na fe católica, desde unha privilexiada posición como ensino confesional ademais, é unha materia escolar controvertida. Xa o foi así desde a configuración do sistema educativo español no século XIX, afirma o profesor Antonio Viñao. Analizar o lugar e o status desta materia nos distintos niveis e modalidades de ensino e a súa consideración desde distintas concepcións ideolóxicas é a materia do presente texto. Unha análise que toma en consideración tanto a historia pasada como os tratamentos que ao respecto se realizaron nos anos presentes da Democracia española, examinando a triple perspectiva ideolóxica, político-legal e sociolóxica.

O texto sintetiza a información e os elementos que permiten entender a orixe e o peso histórico e actual das distintas tradicións contendentes –a católica conservadora, a laicista, e a científico/académica-, así como os posibles escenarios académicos a que cada unha delas conduce, ao tempo que presenta as novas propostas, obxectivos e características da educación relixiosa nas sociedades multiculturais e multirrelixiosas, onde actualmente se insire a realidade española, tomando tamén en conta as reflexións achegadas desde as ciencias das relixións, que procuran un tratamento científico do feitos relixioso.

O libro finalmente, inclúe unha breve, aínda que clarificadora referencia final á realidade curricular deste ensino.

A cuestión como sabemos ten suscitado, e soerge actualmente con ocasión do inicio da aplicación curricular da LOMCE, reflexións estimables, manifestos en sentidos contrarios, adhesións emocionais, refulgos, ás veces irreflexivos...que viñeron e veñen de posicións filosóficas, culturais ou teolóxicas diversas: desde a neo-escolástica, o materialismo, o idealismo, a filosofía dos valores, a reflexión ética, o racionalismo, a ciencia das relixións, os estudos culturais, a metafísica, o humanismo, a psicanálise...Relixiosidade: racionalidade, a dimensión “do sagrado” e emocionalidade; toda nunha intrincada mestura, que fai non doada a presentación de argumentos pro ut contra, nunha posición dialóxica, tendo ademais unha importantísima carga de resonancia histórica.

A racionalidade acalmada, cultural, política e historicamente informada do profesor Antonio Viñao é idónea, neste sentido, para a presentación dos itinerarios argumentais contrapostos, nunha colección de

“textos de traballo, información e debate”, como a que mantén a editorial Morata.

Con axilidade descritiva preséntase a historia escolar española dunha cuestión debatida, con atención singular ao “apoxeo da Relixión católica no franquismo” (pp. 31-40). Maior atención, loxicamente, se lle presta ao tratamento deste ensino “nun Estado constitucionalmente non confesional” (pp. 41-99), mostrando as diversas posicións e propostas, a regulación legal-administrativa da materia desde os gobernos socialistas e do Partido Popular, e os posibles contrastes entre estes ditados e a realidade sociolóxica en transformación cara unha sociedade crecentemente distanciada nos seus comportamentos do diktat católico, en función da súa diversidade e pluralismo.

Sinálase, por fin, que a situación actual, contraditoriamente co que supoñería un Estado non confesional, é produto dunha tradición da posición privilexiada e protexida da Igrexa Católica durante o franquismo, protexida aínda por un Acordo co Vaticano de 1979, que é preconstitucional en canto ao contido. O autor inclínase por entender o valor formativo do ensino científico das relixións ou do feito relixioso e do irrelixioso, que considera, con todo, que será de momento de difícil asunción sociopolítica, polo que “todo indica que a relixión seguirá sendo unha materia controvertida e cuestionada”.

Antón COSTA RICO
USC

CARRIÓN, X.L., QUINTAS, J., CID, X.M., SOUTELO, R., *A barbarie silenciada. Amoeiro 1936*, Fundación Luís Tilve, 2014, 102 pp.

Estamos ante un interesante traballo de historia local, aínda que non extenso si suficiente e necesario para darnos a entender desde diversos puntos de vista os feitos e a ideoloxía vivida no concello de Amoeiro e a súa contorna, dende o inicio do século XX ata a entrada do franquismo. Unha débeda que estaba pendente. Xa que logo, dáse luz á barbarie que permanecía no silencio ou non se tiña tratado coma se merece.

Percorrendo as súas entretidas páxinas, obsérvase como nesta localidade, caracterizada por ser unha pequena zona rural tradicionalmente conservadora, foi prendendo chama e mudando a conciencia e pensamento destes habitantes dos Chaos o asociacionismo obreiro, o movemento agrario galego, os sindicatos, as ideas socialistas, republicanas e de progreso, cuxo expoñente máximo pode dicirse que se atopou na figura de Castor Sánchez Martínez. Foi este un home preocupado pola cultura e comprometido sempre por mellorar a situación e condicións de vida e benestar dos seus veciños, tanto dende o Concello –no que exerceu como alcalde socialista durante unha boa parte do período republicano e asasinado por un falanxista, un caloroso 25 de agosto de 1936 na estrada de Leiro a Ribadavia– como dende o Comité Provincial Pro-Ferrocarril, do que formaba parte como vogal e tiña por misión